

CONVENIO ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA PARA A EXECUCIÓN DE "ACTUACIÓNS NA EDAR DE CARBALLEDA DE AVIA"

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro e 6 do estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2022, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

De outra parte, Luís Milia Méndez, alcalde do Concello de Carballada de Avia, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

Primeiro. O Concello de Carballada de Avia ten atribuídas competencias en materia de saneamento, de acordo co establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que nos seus artigos 25.2 c) e 86.2, configura o saneamento e a depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

No ámbito autonómico galego, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia nos seus artigos 81 a) e 80.2 l) e a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia nos seus artigos 5.1 b) e c) e 27.1), atribúen aos concellos competencias en materia de rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais configurándoos como servizos de prestación obrigatoria por todos os concellos.

Ademais, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1 c).



Segundo. Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Por outra banda, entre as competencias en materia de saneamento, atópanse, con carácter xeral, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras.

Terceiro. A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais ten por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento e saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d)), e a regulación ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

Cuarto. A Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Carballeda de Avia é moi antiga e require continuamente gastos en reparacións.

O Concello de Carballeda de Avia acometeu diferentes obras de reforma, modernización e cambio de aparellos no propio edificio que foi construído no ano 1998. Sen embargo, o cadro eléctrico de esta EDAR que é o orixinal do edificio, está totalmente obsoleto e desfasado e non cumpre moitos dos requisitos técnicos e de seguridade actuais.



Quinto. Á vista do exposto, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación e establecer as condicións dunha subvención directa ao concello.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Carballada de Avia que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para levar a cabo a diferentes "Actuacións na EDAR de Carballada de Avia", a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

As actuación obxecto deste convenio concréntanse no informe técnico-urbanístico solicitado polo Concello de Carballada de Avia ao seu arquitecto municipal sobre o estado das infraestruturas asinado o 13.02.2026.

SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- Augas de Galicia obrígase a:

- a) Apoiar tecnicamente e asesorar na execución das actuacións indicadas na cláusula primeira.
- b) Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando ao concello o importe máximo que se concreta na cláusula seguinte.

2.- O Concello de Carballada de Avia obrígase a:

- a) Executar as obras necesarias para levar a cabo as actuacións indicadas na cláusula primeira.



- b) Realizar ante Augas de Galicia a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da subvención, do xeito establecido neste convenio.
- c) Proporcionar a Augas de Galicia todos os datos necesarios para o seguimento dos indicadores de cumprimento do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.
- d) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto da subvención de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos medios de difusión utilizados deberá figurar expresamente o importe total das actuacións e a achega financiada por Augas de Galicia, debendo estarse ao establecido no artigo 20.1 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

TERCEIRA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascende a oitenta e nove mil seiscentos vinte e tres euros con quince céntimos (89.623,15 €), incluído o imposto sobre o valor engadido, que serán financiados por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2026, aplicación orzamentaria 06.82.542B.760.00.

CUARTA. LIBRAMENTO DOS FONDOS E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

En canto ao réxime de xustificación, o Concello de Carballada de Avia debe presentar ante Augas de Galicia, antes do 3 de novembro de 2026, a documentación establecida no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Ademais o concello obrígase a:



- a) Achegar un informe de xustificación e execución dos traballos que inclúa fotografías deles, no que se reflicta o estado antes do inicio, durante a execución e unha vez finalizada a obra. Indicarase se foron executados con medios propios do concello ou a través da contratación a terceiros. Neste último caso xuntaranse as facturas correspondentes e, de existir, documento de recepción da obra por parte do concello.
- b) Achegar a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de acordo co establecido no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- c) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto deste acordo.
- d) Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención obxecto do presente convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- e) Reintegrar a Augas de Galicia, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da subvención establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
- f) Asumir as obrigas que para os beneficiarios de subvencións recolle o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



- g) Acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados polo concello no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso por Augas de Galicia na conta bancaria da entidade local beneficiaria do aboamento da subvención concedida, de acordo co establecido no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En canto aos prazos e modos de pagamento da subvención por parte de Augas de Galicia, a súa achega materializarase mediante a transferencia dos fondos precisos ao concello, no prazo dun mes desde a presentación pola entidade local da rendición da conta xustificativa antes mencionada, conforme ao estipulado neste convenio e na lexislación aplicable. A anterior transferencia de fondos, será ingresada na conta bancaria da que o concello sexa titular, cuxa numeración deberá facilitar a tal fin a Augas de Galicia.

A concesión da subvención obxecto deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, será compatible con calquera outra axuda pública ou privada pero, en ningún caso, poderá superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

QUINTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.



- b) Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións da comisión acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

En todo caso, as decisións relacionadas coa interpretación do convenio e, en particular, a comprobación material da subvención de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e a determinación da procedencia do seu reintegro, no seu caso, correspóndelle exclusivamente a Augas de Galicia na súa condición de órgano concedente da subvención que se instrumenta mediante o presente convenio.

SÉTIMA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. En particular, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2026 e ata o 30 de outubro de 2026 e estenderá a súa vixencia



ata o 31 de decembro de 2026. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan pendentes as obrigas recollidas nel para cada unha das partes.

NOVENA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio requirirá acordo entre Augas de Galicia e o concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

Non obstante non se considerará modificación do convenio a ampliación do prazo establecido para a presentación da documentación xustificativa, que poderá ser acordada por Augas de Galicia nos supostos recollidos no artigo 45.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- a) O cumprimento do seu obxecto
- b) O transcurso do seu prazo de vixencia

Este convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- c) O mutuo acordo entre as partes asinantes
- d) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- e) A inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das actuacións.
- f) A necesidade de acadar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.



A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

UNDÉCIMA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DUODÉCIMA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/medio-ambiente/plan-augas-galicia-2024.pdf>

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.



No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimizadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

Será de obrigado cumprimento a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI). Esta obriga débese aplicar nas diferentes fases do convenio a todas as persoas que interveñen no mesmo.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.

Asinado por: VAZQUEZ MEJUTO, MARIA ANGELES
Cargo: Conselleira
Data e hora: 31/07/2026 11:39:24

Asinado por: MILIA MENDEZ, LUIS
Cargo: O alcalde (CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA)
Data e hora: 31/07/2026 11:25:29

